



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Lingua e literatura galega e a súa didáctica		Código	652G02013
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Pardo de Neyra Fernández-Cousu, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Profesorado	Pardo de Neyra Fernández-Cousu, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Cadeira através da cal se aproxima o tratamento e o estudo da lingua e a literatura galegas dun punto de vista didáctico, direccionado cara ao eido da educación en xeral e da do ciclo de Primaria en particular			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos non hai</p> <p>2. Metodoloxía asíncrona: *Metodoloxías docentes que se manteñen: aulas interactivas presenciais, que serán prescritivas para superar a cadeira. Deberán participar nas actividades, nos debates e proferir exposicións aulares cara ao pequeno grupo. Porén, deberán realizar un traballo en grupos, academicamente dirixido, que se exporá nas aulas interactivas. Haberá aulas expositivas que se colgarán semanalmente en Teams</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: os atendimentos serán virtuais e sempre que o alumno ou alumna o requerir</p> <p>4. Modificacións na avaliación: consistirá na avaliación da presencialidade, na participación aular e na elaboración e exposición dun traballo.</p> <p>Por supuesto, a bibliografía arriúcase especialmente cos contributos do profesor. E sempre que se necesitar, existe a posibilidade de facérense xuntanzas através de Teams</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer as características destes estudiantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informá-las e colaborar no seu tratamiento.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ella relativos ao período 6-12.
A8	Coñecer os fundamentos da educación primaria.
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A12	Abordar e resolver problemas de disciplina.
A13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.
A20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.



A43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.
A44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil.
A45	Coñecer o currículo escolar das lingua e a literatura.
A46	Falar, ler e escribir correcta e adequadamente nas lingua oficiais da Comunidade Autónoma.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.
A48	Fomentar a lectura e animar a escribir.
A49	Coñecer as dificultades para a aprendizaxe das lingua oficiais de estudiantes de outras lingua.
A50	Afrontar situacions de aprendizaxe de lingua en contextos multilingües.
A51	Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira.
A52	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudiantes.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados loxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B10	Capacidade de expresión oral e escrita en varias lingua (a lo menos nunha lingua estranxeira).
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacions nunha sociedade cambiante e plural.
B20	Relación con diversos interlocutores sociais.
B21	CB1 - Que os estudiantes demostrasen posuér e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudiantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas lingua oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacions (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe

Competencias / Resultados do título



Por descontado, e áinda que as competencias asignadas a cada resultado de aprendizaxe ben poden (e deben) ser asignadas aos outros resultados que aquí apunto, en liñas xerais trátase de que o alumnado comprenda e sexa quen de analizar, interpretar e dar forma aos contidos que rexen no ámbito da Didáctica da Lingua e a Literatura Galegas, atendendo ao mundo da investigación, ao ensino da lingua e a literatura da Galiza e, por suposto, a que están nun contexto diglósico por veces chamado bilingüe. Insistirse, porén, na aprendizaxe autónoma, na posta en escena e na aprendizaxe colaborativa, grupal, e autónoma; coa fin de que alumnos e alumnas sexan capaces de integraren a cadeira nun espazo máis amplo que se refire sempre ao mundo do Ensino Primario. Xa que logo, poderíanse centrar os resultados da aprendizaxe na análise do campo de coñecemento da Lingua e a Literatura galegas e a súa Didáctica e na súa fundamentación interdisciplinar. Por suposto, tamén no recoñecemento da complexidade na construcción do coñecemento lingüístico-literario, histórico e social, así como a biodiversidade social e cultural da Galiza; e na adquisición de habilidades para o manexo das distintas fontes de información orais, materiais, documentais, audiovisuais e informáticas.	A1	B23
	A2	B24
	A4	B25
	A7	
	A8	
	A9	
	A10	
	A11	
	A12	
	A13	
	A14	
	A17	
	A19	
	A20	
	A22	
	A43	
	A44	
	A45	
	A46	
	A47	
	A48	
	A49	
	A50	
	A51	
	A52	
Tamén será fundamental a reflexión sobre dos valores que se transmiten desde a Didáctica da Lingua e a Literatura galega e a súa importancia na formación do pensamento social e na aprendizaxe de actitudes e valores democráticos, o coñecemento do currículo de lingua e literatura galegas na Educación Primaria e a análise das metas educativas, a selección e organización dos contidos, as extratexias de ensino e aprendizaxe e os criterios e formas da avaliación, así como o traslado á práctica educativa do marco teórico co obxectivo de ser capaces de reflexionar sobre propostas didácticas innovadoras e desenvolver actitudes críticas e creativas fronte a experiencias didácticas presentadas na aula.	B7	C1
	B8	C2
	B9	
	B10	
	B11	
	B13	
	B14	
	B15	
	B19	
	B20	
	B21	
	B22	
Por último, a adquisición de competencias para transferir á práctica os coñecementos teóricos e deseñar propostas didácticas innovadoras que melloren as prácticas de ensino e aprendizaxe da lingua e a literatura galegas no contexto educativo da etapa 6 a 12 anos.	C3	
	C4	
	C5	
	C6	
	C7	
	C8	

Contidos

Temas	Subtemas



TEMA 1. CONCEPTOS PREVIOS	1. 1. Definición da Didáctica da Lingua e a Literatura. Nacemento e consolidación dunha Disciplina universitaria. A investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura: ámbitos e liñas de investigación.
TEMA 2. CONCEPTOS BÁSICOS EN DIDÁCTICA DA LINGUA E A LITERATURA	
TEMA 3. LINGUA, ENSINO E SOCIEDADE NA GALIZA	
TEMA 4. A LITERATURA GALEGA E A SÚA DIDÁCTICA. LITERATURA INFANTIL GALEGA	2. 1. Comunicación oral e escrita. Competencia comunicativa e lingüística, competencia literaria e lectora. Focaxes e outros conceptos relevantes sobre Didáctica da Lingua e a Literatura. Proxectos e recursos didácticos cara a unha Didáctica da Lingua e a Literatura Galegas segundo a necesidade de levarmos en consideración os contidos curriculares pautados oficialmente. 3. 1. A comunidade lingüística galega. Análise, contextualización e problemática da realidade socio-lingüística galega e o ámbito escolar. Análise da realidade sociolingüística galega: bilingüismo e diglosia no contacto de linguas na Galiza. A Galiza, un contexto multilingüe? 4. 1. O texto literario. Lugar e función no ensino. O texto literario na Galiza. 4. 2. Nacemento e desenvolvemento dun subxénero contemporáneo: a literatura infantil e a Galiza.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A17 A19 A20 A22 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A52 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B19 B20 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	24	35	59
Traballos tutelados	A1 A4 A19 A20 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B19 B20 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C4 C6 C7 C8	10	35	45
Proba obxectiva	A1 A2 A4 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A17 A19 A20 A22 A43 A44	8	28	36
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral que se complementará co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Por suposto, e dado que esta aplicación non permite diferenciar entre sesións maxistrais e sesións interactivas, quero salientar que coa primeira etiqueta estou a referirmee ao eido das aulas, isto é, tanto ao apartado maxistral como ao interactivo. Debido á situación excepcional, cf. https://www.udc.es/es/cufie/GD/
Traballos tutelados	Realización dun traballo academicamente dirixido cuxa temática, de acordo co programa da cadeira, se anunciará durante a primeira semana de aulas ao grupo asistente a elas
Proba obxectiva	O alumnado contará cun exame final que se realizará tendo en conta o calendario ao que obriga a facultade. Tendo en conta o devir do resto de cadeiras que componen o currículo do Grao así como, noutro orde de aspectos, a posible inasistencia ás aulas, a proba obxectiva resumirase, de xeito tradicional, nun exame final sobre diversos aspectos teórico-prácticos pertencentes ao material tratado e ás actividades realizadas. En caso de non poder realizar esta proba, solicitarase un traballo academicamente dirixido, individual ou grupal, segundo se anunciará convenientemente

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Proba obxectiva	Consistirá na solución de calquera tipo de dúbidas a respecto da marcha do programa do curso, é dicir, sobre do temario e da actividade académica obligatoria, así como sobre dos referidos posíbeis traballos que se poidan propor aos alumnos e alumnas. As dúbidas solucionaranse tanto nas aulas como durante o horario de atendimentos, non servindo o correo electrónico para solventar ningún tipo de dúbidas. Como xa sinalei, ben para o alumnado matriculado a tempo total ben para o que o faga a tempo parcial, tanto a realización da proba escrita final como a do traballo academicamente dirixido e a súa exposición pública serán aspectos necesarios para a superación da cadeira; e no caso dos alumnos e das alumnas matriculadas a tempo parcial non estarán eximidos ou eximidas da súa asistencia aular. Por outra parte, malia que agora nada se sinale a respecto da asistencia obligatoria ás aulas na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudio dos estudiantes de Grao na Universidade da Coruña" aprobada o 4/05/2017; dispoñible en https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/dedicacion_estudio_permanencia.pdf , debido ao peso que no actual sistema universitario ten a participación aular, será imposible avaliar o alumnado que ben decida non participar nas aulas interactivas, ben aposte por non asistir nunca ou case nunca ás aulas.
Traballos tutelados	
Sesión maxistral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A2 A4 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A17 A19 A20 A22 A43 A44	Proba escrita que, lóxicamente, consistirá na recepción de parte do material teórico e/ou práctico co que se traballou nas aulas	50
Traballos tutelados	A1 A4 A19 A20 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B19 B20 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C4 C6 C7 C8	Realización dun traballo academicamente dirixido que implicará análise de fontes documentais, esquematizacóns e lecturas. Para el terase en conta o material bibliográfico proposto nesta guía docente, así como puntual bibliografía ofrecida nas aulas. Este traballo deberá ser exposto e presentado publicamente nas aulas	45



Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A17 A19 A20 A22 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A52 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B19 B20 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Quero salientar que, dado que con esta aplicación non se pode diferenciar entre sesións maxistrais e sesións interactivas, con este apartado refírome a ambas, tanto ás aulas que se ofrecen baixo o formato de relatorios e/ou palestras docentes como as que combinan as intervencións do profesor como as dos alumnos e alumnas. Por suposto, como os Estatutos da UDC apuntan é obligada e necesaria a asistencia a todas as aulas	5
------------------	--	--	---

Observacións avaliación

De todas as maneiras, na cualificación final da cadeira influirán variantes como a asistencia aular (imprescindible), a participación e a dispoñibilidade, isto é, o interese amosado e demostrado e un tamén amosado interese pola proposta de actividades, así como, noutro orde, a posíbel redacción de máis traballos complementares que, previamente anunciados nas aulas e de ser o caso, ben poderían configurar o desenvolvemento dun xuízo que podería basearse parcialmente no portafolio. A respecto dos alumnos e/ou alumnas matriculados e matriculadas a tempo parcial e que, deste xeito, contan con autorización do órgano competente, tamén deberán realizar o exame final pautado pola facultade e o traballo academicamente dirixido, amais de estaren suxeitos e/ou suxeitas á necesidade, no segundo caso, da súa exposición pública aular.

Finalmente, e non en van o nome da cadeira é Lingua e Literatura Galega e a súa Didáctica, o alumnado debe demostrar unha óptima solvencia comunicativa e escrita en idioma galego, polo que se esixirá un uso lingüístico galego oral impecábel e cada erro ortográfico se penalizará coa rebaixa de 0,25 puntos. Tanto o alumnado da primeira oportunidade como o da segunda deberá realizar ambas probas: así, na primeira oportunidade de avaliación terán carácter de NON PRESENTADO(A) os alumnos ou as alumnas que non concorran á proba escrita e non realizasen o traballo dirixido e/ou os posibelmente propostos e anunciados nas aulas. Terán carácter de SUSPENSO(A) aqueles alumnos e aquellas alumnas que, amais de non demostrar unha solvencia impecábel no uso da lingua galega e de non amosaren un aproveitamento adecuado da materia; non se presenten á proba escrita áinda que realizasen a outra ou calquera das outras, mais de superaren a avaliación desta(s) actividade(s), conserváráselles a cualificación dela ou delas até a segunda oportunidade de avaliación. E os alumnos ou as alumnas que concorrendo a unha segunda oportunidade de avaliación non realizasen a(s) actividade(s) de avaliación propia e a(s) de avaliación continua, terán de realizar ambas probas. Por suposto, amais da importancia do uso da lingua (repito que con máis de cinco errores lingüísticos o exame ou o traballo acadará a cualificación de suspenso), tanto para valorar os traballos, como a da participación nos debates e o exame final, tamén se terá en conta a utilización do coñecemento dispoñible, a comprensión das ideas básicas desenvolvidas, o dominio conceptual, a elaboración de ideas, a capacidade para relacionar ideas, a profundidade nas análises e na sua fundamentación, a capacidade crítica e o estilo propio e a claridade expositiva de esquemas e do seu desenvolvemento.

Fontes de información

Bibliografía básica	Como manuais principais de achegamento á miña cadeira, incidirase nesta bibliografía:Pardo de Neyra, X. (2017): Didáctica da lingua e da literatura galegas, Silleda: Edicións Fervenza____ (2018): Terra e memoria: a Terra de Miranda no proxecto territorial galego. Estudo e contextualización dun paradigma literario, Lugo: Concellos d'A Pontenova, Trabada e Riotorto, Deputación de Lugo et alii____ (2019): Á sombra de María Silgar. Carvalho Calero contra a historia única, Ferrol: Edicións Embora.Mais tamén se recomendarán, en primeira instancia, obras como: Martín Vegas, R. A. (2009): Manual de Didáctica de la Lengua y la Literatura, Madrid: Síntesis.Pardo de Neyra (2006): As orixes da literatura infantil galega, Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.____ (2012): Lingua, Ensino e Sociedade Compostela: Follas Novas.____ (2015): Literatura de sereas, Obre, Noia, A Coruña: Toxosoutos.Souto Presedo, E. (1993): Socio-didáctica lingüística, Compostela: Laioveneto.Por descontado, nas aulas ofrecerase puntual bibliografía que deberá ser obxecto de tratamiento, consulta e estudio
---------------------	--



Bibliografía complementaria	Cassany, D. (1993): Reparar la escritura. Didáctica de la corrección de lo escrito, Barcelona: Graó._____, M. Luna e G. Sanz (1994): Enseñar lengua, Barcelona: Graó.García Rivera, G. (1995): Didáctica de la literatura para la enseñanza Primaria y Secundaria, Madrid: Akal.García, J. e A. Medina [eds.] (1988): Didáctica de la lengua y la literatura, Madrid: Anaya.Giménez, G. et alii (1985): Aspectos didácticos de lengua española. Bachillerato, Zaragoza: ICE, Universidad de Zaragoza.Gómez, M. T. et alii (1990): Propuestas de interacción en el aula. Técnicas para lograr un clima favorable en la clase, Madrid: Narcea.González Las, C. (1999): La lengua instrumento de comunicación, Granada: Grupo Editorial Universitario.Lomas, C. (1999): Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras, Barcelona: Paidós, 2 vols._____, e A. Osoro (1991): ?Modelos teóricos y enfoques didácticos en la enseñanza de la lengua?, Signos, 4, Xixón: 22-29._____, e A. Osoro [comps.] (1993): El enfoque comunicativo de la enseñanza de la lengua, Barcelona: Paidós._____, e A. Osoro (1996 a): ?Los objetivos de la educación Lingüística y el currículum de Lengua Castellana y Literatura?, in C. Lomas (coord.), La educación lingüística y literaria en la enseñanza secundaria, Barcelona: ICE, Universitat de Barcelona ? Horsori Editorial._____, e A. Osoro (1996 b): ?Enseñar Lengua y Literatura en la educación secundaria. Orientaciones para la elaboración de proyectos curriculares y programaciones de aula?, in C. Lomas (coord.), La educación lingüística y literaria en la enseñanza secundaria, Barcelona: ICE, Universitat de Barcelona ? Horsori Editorial._____, e A. Osoro (2001): ?De la lingüística aplicada a la educación lingüística implicada. Formación del profesorado y cambios in las aulas de lengua?, Textos, 27, Barcelona: 8-27._____, A. Osoro e A. Tusón (1992): ?Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua?, Signos, 7, Xixón: 26-53._____, A. Osoro e A. Tusón (1993): Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua, Barcelona: Paidós.Lombraña, J. (1997): ?El marco normativo y curricular de la lengua y literatura?, in J. Serrano e J. E. Martínez (coords.), Didáctica de la lengua y literatura, Barcelona: Oikos-Tau.Medina Rivilla, A. (1988): ?Didáctica de la Lengua?, in J. García Padrino e A. Medina (dirs.), Didáctica de la Lengua y la Literatura, Madrid: Anaya.Medina Rivilla, A. (1989): Didáctica e interacción en el aula, Madrid: Cincel.Meix, F. (1994): ?Teorías literarias y enseñanza de la literatura?, Textos, 1, Barcelona: 53-64.Mendoza Fillola, A. (1994): Literatura comparada e intertextualidad, Madrid: La Muralla._____[coord.] (1998): Conceptos clave en Didáctica de la Lengua y la Literatura, Barcelona: SEDLL ? ICE, Universitat de Barcelona ? Horsori Ediciones._____[coord.] (2003): Didáctica de la Lengua y la Literatura para Primaria, Madrid: Prentice Hall._____, e A. López Valero (2000): ?Didáctica de la Lengua y Literatura Españolas?, in L. Rico e D. Madrid (coords.), Fundamentos didácticos de las áreas curriculares, Madrid: Síntesis._____, A. López Valero e E. Martos Núñez (1996): Didáctica de la Lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria, Madrid: Akal.Pardo de Neyra, X. (2005): Aproximación a la poesía. Consideraciones y metodología crítico-didáctica sobre comentario de textos, Mérida: Rox Ediciones._____(2020): Os rostros do frío, Silleda: ediciones FervenzaSeco, M. (1963): El comentario de textos, Madrid: MEN.Segre, C. (1985 b): Principios de análisis del texto literario, Barcelona: Crítica.Sobejano, G. (1973): El comentario de textos, Madrid: Castalia, 2 vols.
-----------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Dada a relevancia do traballo interactivo, sempre en relación coa teoría impartida nas sesións maxistrais, é fundamental a asistencia e a participación activa tanto nas sesións maxistrais como nas sesións interactivas, sexan virtuais ou non, en todas as actividades desenvolvidas no contexto da cadeira. Por suposto, como é más que evidente, sempre se valorará o uso da lingua, isto é, ora en calquera tipo de proba escrita ora en todo tipo de intervencións orais, significando que aqueles alumnos ou alumnas que decidan non dirixirse ao profesor en idioma galego contarán, por supostísimo, cunha valoración negativa que se reflectirá na cualificación final, onde de ser este o caso non se podería recoller ningún tipo de avaliación a respecto do uso oral da lingua galega

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías